

Publicidade:

Nova

O CESGA e a UDC colaboran nun proxecto tecnolóxico para mellorar a calidade de vida dos discapacitados dende os seus fogares

luns 11 de decembro do 2006, por [Fernando Sarasquete](#) | [Enviar por e-mail](#) | 

Afondar nas posibilidades das novas tecnoloxías da información como instrumentos para a mellora da calidade de vida das persoas con discapacidades. Este é un dos grandes obxectivos dun proxecto recentemente aprobado pola Dirección Xeral de I+D e que conta coa [área de e-learning do Centro de Supercomputación de Galicia](#) en labores de coordinación e coa unidade asistencial de trastornos do desenvolvemento da Universidade da Coruña achegando a súa experiencia investigadora.

A iniciativa ten un nome longo coma poucos mais, en parte grazas a isto, non precisa case de explicacións posteriores: *Estudo e análise do impacto do uso das TIC na atención ás persoas con discapacidade e ás súas familias: calidade de vida e autoxestión*. Segundo apunta o CESGA, unha das partes fundamentais do proxecto consiste na creación dun “*entorno virtual de comunicación onde os terapeutas poidan traballar de xeito individualizado ben sexa en tempo real ou en diferido e sempre que o precisen, sen necesidade de ter que depender da axuda dos profesionais*”.

Cómpre dicir que será o dito equipo de traballo da UDC o que asuma o labor de avaliar a situación actual das familias funcionais, co fin de implantar logo as novas ferramentas na súa vida cotiá.

Co fin de completar este último punto, o proxecto inclúe a instalación no eido familiar dun computador multimedia “*de conexión a internet de banda ampla*”. Grazas a isto, os fogares contarán cun espazo virtual privado onde os participantes establecer comunicación con quen desexen e recibir formación profesional.

Segundo engade a área de e-learning do CESGA, o programa vai durar tres anos. Deste prazo de tempo, arredor de (por así dicilo) incidir no miolo do proxecto: mellorar a calidade de vida das persoas con diversidade funcional través de novas tecnoloxías e no eido das súas propias familias.

Na mesma
· [O CESGA traballa nun proxecto para mellorar a calidade de vida dos discapacitados dende os seus fogares](#)
· [Case un millón de persoas en Galicia estes días](#)
· [Clausurada a 1ª Observatorio de Participación](#)
· [Tras bater cun récord, o Observatorio de Participación](#)

Grupo Código Cero Comunicación, S.L.
UNINOVA- Recinto MercaGalicia
Polígono Industrial do Tambre - Vía La Cierva s/n
15890 Santiago de Compostela
Teléfono 981 51 96 00 Extensión 36 - 981 93 63 24
Telefax 981 55 77 07

Galardi
na c